



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Literatura Galega Contemporánea	Código	613G01033	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo, a través dos textos, da produción literaria galega do século XX á actualidade.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e aplicar diferentes métodos e técnicas de análise á produción literaria e cultural galega dos séculos XX e XXI.	A1 A2 A3 A4 A7 A9 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B5 B7	C1 C4 C6
Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 A11 A14 A15	B1 B2 B7 B9	C1 C4 C6
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma	A3 A4 A7 A11 A14 A15	B1 B3 B5 B7 B8	C1 C4 C6
Aplicar as técnicas de análise cultural considerando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos	A1 A2 A3 A4 A7 A9 A11 A14 A15	B1 B3 B7 B8	C1 C4 C6
Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos da creación literaria.	A2 A4 A10 A11 A15	B1 B2 B3 B4 B6	C4 C6 C8
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	A7 A11 A14 A15	B3 B5 B7 B8 B10	C1 C4 C6 C8



Realizar achegas creativas e orixinais na análise dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.	A4	B5	C1
	A7	B7	C6
	A10	B8	C8
	A11	B9	
	A14	B10	
	A15		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura galega no século XX	1.1. Caracterización, periodización. 1.2. Cuestións metodolóxicas.
2. O tempo das Irmandades da Fala.	2.1. Contexto histórico e ideolóxico. Caracterización xeral. 2.2. As liñas de actuación cultural das Irmandades: ampliación e consolidación do sistema literario. 2.3. Principais autores e grupos: caracterización e problemas. 2.4. As vangardas e a súa influencia. 2.5. Achegamento a algúns textos representativos dos autores máis relevantes do período.
3. A literatura de posguerra e o exilio nas dúas beiras do Atlántico: continuidade e ruptura	3.1. A Guerra Civil e a posguerra en Galiza. 3.2. A literatura e a cultura galegas na emigración e no exilio. 3.3. Achegamento a algúns textos representativos dos autores máis relevantes do período.
4. A recuperación literaria no interior a partir de 1950.	4.1. A reconstrución do sistema literario: axentes editoriais e actividade cultural. 4.2. Principais autores e autoras. Grupos e movementos. 4.3. Achegamento a algúns textos representativos dos/as autores/as máis relevantes do período.
5. Da década de oitenta á actualidade.	5.1. A irrupción das autoras e a renovación dos discursos. 5.2. Diversificación xenérica e últimas tendencias. 5.3. Principais autores e autoras. 5.4. Achegamento a algúns textos representativos dos/as autores/as máis relevantes do período.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A4 A7 C1	1	0	1
Presentación oral	A2 A4 A7 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B9 C1	1	6.5	7.5
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A7 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B5 B8 B9 B10 C4 C6	11	11	22
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C1	2	26	28
Lecturas	A1 A3 A4 A7 A10 A11 A14 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C4 C8	1	25	26



Análise de fontes documentais	A2 A4 A7 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C6	8	12	20
Atención personalizada		8	0	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación inicial da materia e dos materiais sobre os que deberá traballar o alumnado, tanto nas sesións do curso como para a elaboración das súas presentacións.
Presentación oral	Presentación oral individual por parte de cada alumno e de cada alumna dunha obra incluída nos contidos da materia e decidido entre a profesora e o/a estudante.
Sesión maxistral	Presentación por parte da profesora das liñas xerais de cada un dos temas contemplados no programa da materia co enfoque previsto no descritor. Será avaliábel a asistencia activa ás aulas teóricas presenciais en que se presentarán conceptos e estratexias que posteriormente se desenvolverán nas sesións prácticas e cuxo coñecemento será esixido para a superación do curso.
Proba mixta	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas.
Lecturas	Lectura obrigada dos textos literarios indicados no apartado 8 da guía, e dos textos críticos que a profesora indique na aula. As lecturas representan, xunto ás prácticas de comentario, unha das actividades principais do curso e, como tal, serán avaliadas.
Análise de fontes documentais	A profesora iniciará a análise e o comentario das obras literarias incluídas na programación, así como de textos críticos, historiográficos ou xornalísticos, e solicitará do alumnado a realización de comentarios individualizados segundo as pautas establecidas. Previamente, o/a estudante deberá ler e preparar os textos de forma individual.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas Proba mixta Sesión maxistral Análise de fontes documentais Presentación oral	A profesora orientará aos e ás estudantes na preparación dos comentarios, as presentacións orais e na metodoloxía de análise das fontes de información. Tamén en calquera cuestión das expostas nas sesións xerais nas que o/a estudante solicite orientación. A atención persoal poderá ser presencial, no horario previsto a estes efectos, a través da plataforma moodle ou a través do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A1 A3 A4 A7 A10 A11 A14 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C4 C8	As lecturas obrigatorias representan unha das actividades principais do curso polo que deben ser realizadas en tempo para poder participar de forma efectiva nas sesións e, tamén, para levar a cabo a presentación oral. O control das lecturas poderá realizarse mediante preguntas ou comentarios nas sesións presenciais ou cunha parte específica dentro da proba mixta.	20
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C1	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos, tantos nas sesións maxistrais como nas de análise documental, e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas.	30



Análise de fontes documentais	A2 A4 A7 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C6	A profesora porá a disposición do alumnado os materiais obxecto de análise. O alumnado deberá ler e analizar estes materiais e participar na exposición das súas conclusións na aula.	20
Presentación oral	A2 A4 A7 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B9 C1	O/a estudante exporá na aula, durante un mínimo de 20 minutos e un máximo de 30, un comentario sobre una das obras incluídas no programa (e que será escollida de acordo coa profesora). A exposición será necesariamente oral, aínda que poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio. Previamente terá que ter entregado una breve ficha de lectura e un esquema da exposición.	30

Observacións avaliación

A avaliación terá en conta o exposto nos apartados anteriores: participación do alumnado na análise de fontes documentais (20%), presentación oral (30%) e proba escrita (30%); para poder levar a cabo con éxito estas tarefas, o/a estudante deberá realizar necesariamente as lecturas indicadas pola profesora (20%).

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

Quen non supere a materia no mes de xuño, terá unha segunda oportunidade para facelo no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberánse presentar/realizar as actividades non superadas ou non presentadas anteriormente, de acordo coas indicacións específicas que dará a profesora. O resto da cualificación (un 30%) basearase nunha proba obxectiva sobre o programa da materia e as lecturas obrigatorias.

Terá a cualificación de "non presentado" quen non realice a presentación oral ou a proba escrita; ou quen non asista e participe cando menos no 50% das sesións presenciais.

O/a estudante que solicite e obteña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación, que substituirán as actividades presenciais por outras equivalentes, tendo en conta a súa disponibilidad. A fin de programar axeitadamente estas actividades, o/a estudante nesta situación deberá porse en contacto coa profesora no inicio das aulas, enviando un correo electrónico a carne@udc.gal.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ed.) (1996). Historia da Literatura Galega, 5 vols.. Vigo, A Nosa Terra - Bernárdez, C. L. et alii (2001). Literatura galega S. XX. Vigo, A Nosa Terra - Carballo Calero, R. (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo, Galaxia - Lourenzo, M. / Pillado Mayor, F. (1987). Dicionario do teatro galego. Sotelo Blanco, Barcelona - Tarrío, A. (1997). Literatura Galega. Aportacións a unha historia crítica. Vigo, Xerais - Tarrío, A. (coord.) (). Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV). A Coruña, Hércules de edicións - Tato Fontaiña, L. (1999). Historia do teatro galego. Das orixes a 1936 . A Nosa Terra, Vigo - Vilavedra, D. (1999). Historia da Literatura Galega. Vigo, Galaxia - Vilavedra, D. (coord.) (1995-2000). Dicionario da Literatura Galega. Vigo, Galaxia <p>OBRAS DE LEITURA OBRIGADA: - A. R. CASTELAO (1922): Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto, Galaxia, Vigo [A Coruña : Edicións do Rueiro, 1980, ed. facs]. - R. OTERO PEDRAYO (1930): Arredor de si, Galaxia, Vigo [Galaxia, Vigo, 2007, ed. facs.]. - Á. CUNQUEIRO (1958): O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca, Galaxia, Vigo. - C. E. FERREIRO (1962): Longa noite de pedra. - X. TORRES (1970): Adiós María, Galaxia, Vigo. - E. BLANCO AMOR (1972): Xente ao lonxe, Galaxia, Vigo. - X. L. MÉNDEZ FERRÍN (1976): Con pólvora e magnolias, Xerais, Vigo [S.I.: Rompente, 1976]. - Unha obra (narrativa ou poesía) publicada despois de 1990 de AUTORÍA FEMININA, elixida por cada alumna/o a partir dunha listaxe fornecida pola profesora no inicio do curso. Sobre esta obra versará o comentario que será desenvolvido na presentación oral. A profesora facilitará, a través da plataforma moodle, unha selección de textos poéticos e críticos que o/a estudante tamén deberá ler.</p>
Bibliografía complementaria	<p>A profesora facilitará, a través da plataforma virtual moodle, a bibliografía e os recursos bibliográficos complementarios pertinentes para cada un dos temas e cada unha das obras obxecto de estudo nesta materia.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dubida, poden pórse en contacto coa profesora, en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías